


El presente documento estará
expuesto en el Tablón de
Anuncios de esta Diputación

desde el día 8-10-2009

hasta el día 23-10-2009

EL ENCARGADO DE RÉGIMEN
INTERIOR Y CUSTODIA



RESOLUCIÓN DO ILMO. SR. PRESIDENTE DE
DATA 29 DE SETEMBRO DE 2009 POLA QUE SE
APRÓBA A MODIFICACION DOS CRITERIOS POLOS
QUÉ SE REXE A INCORPORACION DE PERSOAL
PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPU-
TACION E NO INLUDES.

“Vistas as bases que están a rexer os procedemen-
tos de selección de persoal temporal da Deputación e
do INLUDES, aprobadas previo acordo da Mesa Xeral
de Negociación, establecen determinados criterios que
permitiren que aqueles aspirantes que superando as
probos selectivas non figuren na relación de aspirantes
seleccionados, permanezan nunha lista, polo período
máximo dun ano, para poder prestar servizos con
carácter temporal segundo as necesidades da organi-
zación.

El presente documento estará
expuesto en el Tablón de
Anuncios de esta Diputación

desde el día 8-10-2009

hasta el día 22-10-2009

ENCARGADO DE RÉGIMEN
INTERIOR Y CUSTODIA

B.O.P. de Lugo

A existencia destas listas, ás que se accede despois de superar un proceso selectivo (concurso oposición-concurso ou oposición), foi extraordinariamente útil para o funcionamento da organización, evitando reiterar procesos selectivos e axilizando a incorporación do persoal necesario aos servizos. Tamén foi beneficioso para os aspirantes xa que despois de superar as probas correspondentes, non perderon todo o esforzo pois puideron ser incorporados -a posteriori- dentro do límite de un ano desde a data en que se publica a lista de aspirantes que aprobaron todos os exercicios pero que non foron seleccionados no taboleiro de edictos da Entidade. Desta forma, desde a implantación deste sistema de selección a finais do ano 2007 e ata o día de hoxe, realizáronse múltiples procesos selectivos incorporándose un bo número de traballadores.

A valoración final destes anos de experiencia debe ser altamente positiva xa que, ademais do sinalado, o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade establecidos no ordenamento constitucional están plenamente garantidos, como se deduce do sistema selectivo empregado e da publicidade que se realiza en cada convocatoria (BOP, páxina web, taboleiro de edictos da Entidade Local e anuncio en diario local), así como dos demais criterios contidos nas bases das correspondentes convocatorias, que dan pleno cumprimento ao establecido na normativa de acceso ao emprego público e particularmente ao regulado no artigo 55 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en diante EBEP.

Non obstante, a experiencia destes case dous anos indícanos que debemos mellorar esta regulación por razóns que importan tanto á organización coma aos aspirantes seleccionados ou que figuren nas listas. Estes aspectos son:

a) Para a organización:

- Mellorar o proceso para que sexa máis áxil e se poidan atender antes as necesidades dos servizos.
- Aproveitar mellor a experiencia adquirida polos traballadores.
- Mellorar a eficiencia evitando a reiteración de procesos selectivos innecesariamente.

b) Para os aspirantes a obter un posto temporal ou prestar servizos por un tempo determinado:

- Garantir maior equidade no reparto do tempo de traballo.
- Evitar que, nalgúns casos, os que obteñan mellor cualificación presten servizos durante menos tempo que outros con máis baixa cualificación.

Visto que os criterios a que estamos facendo referencia determinan e concretan o modo de acceder ao emprego público temporal na Deputación e no INLUDES, materia que habitualmente se regula nas bases das correspondentes convocatorias debemos concluir que estamos diante dun texto que materialmente debe considerarse bases dos procesos selectivos de persoal temporal. Nese sentido a normativa reguladora da

selección de persoal para o acceso á condición de funcionario interino ou persoal laboral temporal, está contida, principalmente e de forma implícita, no EBEP, cuxo Título IV fai referencia á adquisición e perda da relación de servizo, así como na normativa xeral autonómica e local de función pública, no que non se opoña ao EBEP. Tamén debe terse en conta o establecido no Acordo Marco Único para o Persoal Funcionario da Excm. Deputación Provincial de Lugo e do INLUDES (AMU) e no convenio colectivo único para o persoal laboral da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (CCU), como normas específicas da propia entidade, vixentes no que non se opoña á normativa xeral antes mencionada, particularmente no que non se opoña ao EBEP.

Visto que para a aprobación dos criterios de acceso ao emprego temporal da Deputación e do INLUDES, o artigo 34.1 g da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, determina que lle corresponde ao Presidente da Deputación "aprobar as bases das probas para a selección do persoal".

Visto que, para o cumprimento do establecido no artigo 37 c) do EBEP, os criterios xerais que contén a presente proposta foron sometidos á consideración e aprobados na Mesa Xeral de Negociación de 20 de xullo de 2009.


Polo anteriormente exposto, vistos os informes dos Servizos desta Excm. Deputación Provincial; e en uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVO:

Aprobar os criterios polos que se rexerá a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación e INLUDES, co seguinte contido:

1º.- SELECCIÓN TEMPORAL. CRITERIOS XERAIS.

Tal como se vén realizando con carácter xeral, tanto na Deputación de Lugo como no INLUDES, a selección de persoal para desempeñar temporalmente algún posto de traballo nestas entidades, xa sexa como funcionario interino ou en réxime laboral, realizarase polo sistema de concurso-oposición, previa convocatoria pública no BOP, taboleiro de edictos, páxina web da Deputación e anuncio nalgún dos xornais de maior tirada na provincia.

Así mesmo, co obxecto de axilizar os procesos selectivos e acortar o período de incorporación ao servizo para aproveitar ao máximo a subvención concedida, nos supostos de selección de persoal temporal retribuído con cargo a subvencións externas para prestar servizos conxunturais en base á correspondente subvención, o sistema ordinario de selección será o de concurso de méritos. Realizarase previa convocatoria pública e publicidade suficiente para garantir a concorrencia dos aspirantes, realizándose a través da Oficina de Emprego cando así o determine a convocatoria da subvención con cargo á que se retribúe, ou cando se considere máis axeitado. Tamén se fará público o anuncio da convocatoria na páxina web da Entidade, taboleiro de edictos da Entidade e no BOP cando se considere

P-2


necesario para prever a máxima concurrencia e participación. Con carácter xeral, nestes supostos, a permanencia en lista está vencellada á subvención concedida e só en relación coa mesma.

Os procesos de selección rexeranse polas respectivas bases. Estes criterios forman parte das mesmas. As bases de cada convocatoria farán referencia expresa aos mesmos así como o Boletín Oficial da Provincia no que figuren publicados.

2º.- MODO DE ELABORACIÓN DAS LISTAS DE ASPIRANTES A PRESTAR SERVICIOS TEMPORAIS.

As listas de aspirantes a prestar servizos de carácter temporal, xa sexa como funcionarios interinos ou como contratado laboral temporal, fórmanse como consecuencia dos procesos de selección para o acceso a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo ou das probas de selección de persoal temporal que, con carácter de urxencia, se convoque de forma específica, segundo as seguintes normas:

1º.- A incorporación inicial ás listas, realizarase segundo as listas de aspirantes que, aprobando todos os exercicios das probas para acceso a funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non obtiveron praza ou que participando nas probas de acceso a persoal temporal non se incorporaron de inmediato á prestación do servizo, segundo a proposta dos tribunais cualificadores, dando preferencia aos aspirantes procedentes dos procesos para p acceso á condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, sobre os demais, aínda que as probas se realicen con posterioridade.

2º.- No caso de que unha persoa estea na lista de dous procesos de acceso ao mesmo posto de traballo, conservaráselle o posto que teña en primeiro lugar.

3º.- Abrirase unha nova lista ou incorporarse por orde de puntuación á lista vixente, os traballadores que cesen nun posto de traballo sen superar o período dun ano de prestación de servizos, sendo tamén preferente os procedentes dos procesos para acceso á condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, sobre os demais, aínda que as probas se realicen con posterioridade.

3º.- DURACIÓN DAS LISTAS E PERÍODO DE PERMANENCIA.

a) DURACIÓN DAS LISTAS.

Con carácter xeral as listas terán unha duración indefinida.

Poderá darse por caducada unha lista cando polo transcurso do tempo ou por outras circunstancias se considere que se modificaron as características do posto de traballo a desempeñar ou as circunstancias do servizo. Neste suposto convocarase un novo proceso selectivo, seguindo os mesmos criterios que se enunciaron anteriormente. En calquera caso a permanencia nas listas poderá revisarse aos 3 anos a contar dende o día seguinte a facelas públicas no taboleiro de anuncios da Entidade, mediante nova convocatoria.

b) PERIODO DE PERMANENCIA NAS LISTAS.

Os traballadores que realicen unha prestación de servizos de carácter temporal, inferior a 1 ano, terán dereito unha vez rematada a prestación do servizo no posto que estean desempeñando, a reincorporarse no primeiro posto da lista, e poderán acceder a unha/s nova/s prestacións de servizos ata acadar un período de prestación de 1 ano en cada posto de traballo que desempeñe.

c) VINCULACIÓN LABORAL DO PERSOAL TEMPORAL COA ENTIDADE.

A vinculación laboral do persoal temporal da Deputación e INLUDES, realizarase preferentemente como funcionarios interinos nas distintas modalidades previstas no artigo 10 da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, en adiante EBEP.

Cando non poida, acudirse ao nomeamento como funcionario interino formalizarase relación laboral temporal na modalidade que corresponda.

4º.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN ACOMPAÑAR OS ASPIRANTES QUE FIGUREN NAS LISTAS.

Para efectivizar a inclusión dos aspirantes nas listas, deberán presentar en Rexistro no prazo máximo de 5 días dende a publicación da lista no taboleiro de anuncios, a documentación que acredite os requisitos xerais para acceder ao emprego público, conforme determinan as bases da convocatoria.

Para axilizar o trámite dos chamamentos, todos os aspirantes que superando as probas selectivas non se incorporen de xeito inmediato á prestación de servizo, facilitarán tamén, con carácter previo á inclusión nas listas, un enderezo de correo electrónico, número de teléfono móbil ou calquera outro medio que permita unha comunicación áxil para poder convocalo, sempre que eses datos non os incluíra na solicitude de participación no proceso selectivo.

5º.- MODO DE REALIZAR OS CHAMAMENTOS.

Os chamamentos para incorporarse á prestación de servizos realizarase polo medio máis áxil sempre que permita deixar constancia da recepción polo aspirante.

O chamamento realizarase indistintamente polos seguintes medios:

- Chamada telefónica e mensaxe ao teléfono móbil.
- Envío de mensaxe por correo electrónico, e
- Burofax.

No caso de que nun período de 48 horas desde a recepción do chamamento realizado pola Administración, por calquera dos medios anteriores, non se teña contestación, o aspirante perderá o seu posto na lista decaendo da mesma e chamarase ao seguinte.

Soamente cando as necesidades de cobertura dun posto fose moi urxente, non podendo esperar as 48 horas, e así estivese acreditado suficientemente, o

chamamento poderá realizarse exclusivamente de forma telefónica. No caso de que non se dea resposta á chamada, chamarase ao seguinte da lista sen que o aspirante que non contestou sexa excluído da mesma.

6º.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DA LISTA.

Con carácter xeral quedarán excluídos da lista:

a) Aqueles aspirantes que rexeiten o posto ofertado.

b) Os aspirantes que non se poñan en contacto coa Entidade no prazo de 48 horas dende a recepción do chamamento realizado por calquera dos medios antes sinalados, sempre que se teña constancia da recepción do chamamento polo mesmo.

c) Aquelas persoas que estean desempeñando un posto de traballo na Deputación ou no INLUDES e que por motivos de mellora figuren noutra lista e se incorporen ao novo posto. Neste caso o cómputo do ano de prestación de servizos a que fai referencia o apartado 3º b anterior, realizarase contabilizando un ano para cada posto.

Excepcións:

a) Pasarán ao final da lista as persoas que no momento de ser chamadas estean desempeñando outro posto de traballo na Deputación ou no INLUDES, debendo acreditarse documentalmente.

a) Conservarán o seu posto na lista as persoas que no momento de ser chamadas se encontren en situación de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo ou cando o chamamento teña carácter de moi urxente, non podendo agardarse a que transcorran 48 horas.

En ambos casos deberán acreditar documentalmente a circunstancia alegada para non incorporarse ao servizo.

7º.- APLICACIÓN.

Os criterios sinalados aplicaranse ao persoal que presta servizos no momento da publicación da presente resolución, e ás listas actualmente vixentes e ás que se formen como consecuencia dos correspondentes procesos selectivos.

8º.- INFORMACIÓN Á XUNTA DE PERSOAL, COMITÉ DE EMPRESA E DELEGADOS SINDICAIS.

Conforme ao determinado no Acordo Marco Único para persoal funcionario (AMU) e convenio colectivo único para persoal laboral (CCU) da Excm. Deputación Provincial e INLUDES, de toda incorporación a prestación de servizos darase conta á Xunta de Persoal, Comité de Empresa e Delegados sindicais"

Contra a presente Resolución, que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer, potestativamente recurso de reposición ante o Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na

forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen perxuízo de que poda interpoñer calquera outro que estime oportuno.

Lugo, 1 de outubro de 2009.- O SECRETARIO,
Faustino Martínez Fernández.

R. 05423

El presente documento estará
expuesto en el Tablón de
Anuncios de esta Diputación

desde el día 8-10-2009

hasta el día 23-10-2009.

EL ENCARGADO DE RÉGIMEN
INTERIOR Y CUSTODIA

P=0

